



Tratará tamén a estratexia de criminalización das ONGs que se dedican a salvar vidas a través das voces de Óscar Camps (Open Arms) e Ernesto G. Maleno (Camiñando Fronteiras)

ACAMPA 2018 DIRIXE O FOCO CARA ÁS CRISES HUMANITARIAS PROVOCADAS POLO CAMBIO CLIMÁTICO

Do 14 ao 16 de xuño, un campo de refuxiados simbólico volverá a ocupar o centro da Coruña para denunciar o drama das persoas obrigadas a desprazarse da súa terra ou abandonar o seu país

A Coruña, 6 de xuño de 2018.- Acampa volverá a montar de novo, entre os días 14 e 16 de xuño, un campo de persoas refuxiadas no centro da Coruña. O obxectivo é escenificar o drama que viven millóns de persoas refuxiadas en todo o mundo e, asemade, denunciar a inacción dos estados e os organismos internacionais. Nesta segunda edición Acampa fará fincapé nas persoas desprazadas a causa do cambio climático. Organizacións humanitarias, xornalistas, afectados e fotógrafos debuxarán as crises humanitarias que se desenvolven no sur de Europa, África ou Asia por razóns medioambientais, conflitos bélicos, falta de recursos ou motivos raciais.

Tamén abordará a estratexia de criminalización das ONGs que se dedican a salvar vidas, como a española *Open Arms*. O seu fundador, **Óscar Camps**, viaxará a Coruña. Tamén o fará **Ernesto G. Maleno**, un portavoz de *Camiñando Fronteiras*, entidade cuxa fundadora, a activista **Helena Maleno**, enfrenta unha acusación en Marrocos por tráfico de persoas. O xuíz do CIES de Aluche, en Madrid, **Ramiro García de Dios**, ou o director da ONG Aire, **Federico Pichel**, son outras das voces que se escoitarán en Acampa 2018.

Acampa 2018 conta co apoio do Concello da Coruña e a Deputación provincial e ten a colaboración da Universidade coruñesa e de outras entidades públicas e privadas.

Como na primeira edición, durante eses tres días haberá visitas guiadas polo campo de persoas refuxiadas instalado nos Xardíns de Méndez Núñez a cargo de membros de Amnistía Internacional. Á beira do campamento estarán as carpas onde se desenvolverán boa parte das actividades previstas: encontros, debates, conferencias, obradoiros e proxeccións de documentais. Máis de media ducia de mostras fotográficas, que terán como escenarios o Kiosco Alfonso, a sala de exposicións Salvador de Madariaga (Durán Loriga) e mais os Cantóns – Obelisco (ao aire libre), achegarán á cidadanía o drama que viven os refuxiados e mais a propia natureza por mor do cambio climático.

Grave e urxente

O movemento *Acampa pola paz e o dereito a refuxio*, que aúna ONGs, organizacións e asociacións cidadás e particulares de todos os ámbitos, este 2018 quere chamar a atención sobre un tema moi grave e urxente e, non entanto, aínda non recoñecido por ningún Goberno: o dereito a refuxio por cambio climático. Informes de Nacións Unidas vaticinan que durante as próximas tres décadas as migracións por este motivo afectarán de 250 a 1.000 millóns de persoas. O 90 por cento deses movementos migratorios ocorrerá nos países menos desenvolvidos e dará lugar a novas e cada vez máis numerosas situacións de urxencia humanitaria.

Conferencias, encontros e exposicións fotográficas abordarán as consecuencias da crise climática para a poboación. É o caso da mostra de fotografía *Every Day Climate Change*, unha iniciativa en Instagram a través



da que fotógrafos de todo o mundo documentan as consecuencias dese cambio climático. Trátase dunha radiografía de conxunto, coma, por exemplo, a que centrará o encontro "Cambio climático, millóns de persoas en perigo", no que participarán o sociólogo e director de ECODES (Ecología y Desarrollo), **Víctor Viñuales**, e a investigadora do Instituto Universitario das Nacións Unidas para a Globalización, **Valeria Bello**, mais **Pedro Vega**, profesor de Educación Ambiental da UDC.

Acampa 2018 conta ademais con imaxes da británica **Lisa Murray**, que documentan as consecuencias da crise climática para as mulleres en diferentes partes do mundo, e mais do italiano **Alessandro Grassani**, que testemuñan os cambios que empurran a moitos habitantes do medio rural de Mongolia e outros países a deixar as súas terras. Tamén formarán parte desta edición as exposicións de **Pedro Armestre**, "Somalia no esquecemento", e a do galego **Juan Pablo Moreiras**, que reflicte as consecuencias da crise climática nas distintas especies e a propia natureza. Xa sobre a destrución dos hábitats tradicionais máis achegados a nós, Acampa 18 conta coa mostra da galega **Ariadna Silva**. O fotógrafo **Daesung Lee** asina outras dúas: "On the shore of a vanishing island" e "Futuristic Archaeology".

Acampa 2018 volverá a dirixir o foco cara ao Mediterráneo e os miles de refuxiados varados e esquecidos. O campamento de Katsikas, en Grecia, e o drama humanitario da poboación Rohinya, en Myanmar, serán outras das crises humanitarias que serán lembradas nesta segunda edición.

Acampa

Acampa é unha iniciativa sen fins de lucro, posta en marcha polas ONGs que conforman *Coruña contra a Guerra*. Está integrada por colectivos sociais, culturais, educativos, veciñais, políticos, sindicais e artísticos; por persoas, institucións e empresas. Ten como obxectivo a defensa dos dereitos humanos, o Dereito Internacional Humanitario e o Dereito a Refuxio. Entre as organizacións que colaboran con Acampa están case todas as ONGs que traballan in situ cos refuxiados por todo o mundo.